

As reválidas da LOMCE

Curso 2018-19



Que son as reválidas

Son probas de avaliación individualizadas con resultados específicos para cada suxeito



A LOMCE establece evaluaciones individualizadas (reválidas) en educación primaria e secundaria.

En concreto en:

- . 3º de Primaria (comp. Lingüística e matemática). Todo o alumnado
- . 6º de primaria (comp. lingüística, matemática, ciencia e tecnoloxía). Mostra de centros
- . 4º da ESO. Mostra de centros
- . ~~2º Bacharelato. (Paralizada)~~

Regulada por..

- LOMCE
- R. Decreto Ed. Primaria MECED (126/2014, de 28 de febrero)
- Decreto de Ed. Primaria de Galicia (105/2014, do 4 de setembro)
- Real Decreto 1058/2015 (MECED)
- Resolución de 12 de abril de 2019 (3º)

LOMCE

Aprobado no parlamento español o inicio dos trámites para suspender a LOMCE (novembro 2016)

Consello escolar do estado recomenda a súa derogación (informe 2016)

Aplicación distinta en función das CCAA

A reválida de 3º curso

Curso 2108-19



Reválida de 3º curso

Sobre Que	<p>Grao de dominio das destrezas, capacidades e habilidades do alumnado en:</p> <ul style="list-style-type: none">- expresión e comprensión oral e escrita,- cálculo e resolución de problemas <p>(competencia en comunicación lingüística e competencia matemática)</p>
Cando	28 e 29 de maio
Onde	En todos os centros educativos galegos, públicos, privados e concertados.
Quen	Alumnado presente na aula



<https://www.inspiracionyre sultados.com/single-post/2017/05/08/%25C2%25BFQu%25C3%25A9-opinas-6-pasos-sobre-feedback>

Materiais

Cuadernos de probas	1 de competencia lingüística (galego, castelán) 1 de competencia matemática
Cuestionarios contexto (dixital ou papel)	Profesorado titor Dirección do centro Alumnado Familias



Organización das probas (I)

Aplicarán as probas mestres/as que lles dean clases aos nenos/as avaliados, pero que non lles impartan nin lingua galega ou castelá, nin matemáticas; ou sexa, prof. de música, inglés ou educación física. Se non é posible, a comisión decidirá outros nomeamentos.

Corrixirán as probas mestres/as que dean clases de lingua ou matemáticas, pero que non lles dean clases aos nenos/as avaliados. Se non é posible, a comisión decidirá outros nomeamentos.

Organización das probas (II)

Comisión de coordinación de centro:

Formada polo director-a, o xefe-a de estudos, o orientador-a e un titor-a de terceiro curso que:

- Informará á comunidade educativa sobre o sentido e finalidade desta proba.
- Planificará o seu desenvolvemento.
- Seleccionará os mestres e mestras responsables da aplicación e corrección da proba.
- Adaptar á proba alumnado NEAE
- Organziar entrega dos informes a pais-nais

Informes

- Os centros dispoñen ata 12 de xuño para correxir e gravar os datos

Os centros obterán:

- informe de resultados de cada alumno/a con información sobre competencias avaliadas que entregarán aos pais.
- O titor-a deberá informar ás familias dos resultados.
- un informe do centro sobre os resultados de centro e de grupo.

Os centros educativos farán unha análise de resultados nos seus órganos colexiados (claustro e consello escolar), establecendo accións de mellora dos resultados obtidos, que serán incorporadas na programación xeral anual.

Alumnado con NEAE

- Realiza a mesma proba co resto do alumnado
- Adoptaranse as medidas necesarias para que as condicións de realización da avaliación se adapten ás súas necesidades
- Alumnado con adaptación curricular: será avaliado atendendo a dita adaptación e os seus resultados non se computarán para o cálculo dos datos globais.
- Alumnado que leve menos dun curso escolar completo no sistema educativo galego e cuxa competencia lingüística non sexa suficiente para a comprensión da proba, contará co asesoramento do seu profesorado, e os seus resultados non se computarán para o cálculo dos datos globais

Datos de carácter persoal

Cuestionario para as familias

Os datos de carácter persoal estarán nun ficheiro custodiado pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación.

As familias terán o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición a que se conserven eses datos.

Informe para ás familias (3º curso 16-17)


COMPETENCIA MATEMÁTICA

Resultados por competencia


Cualificación directa: Sobresaliente

Nivel en relación a todo o alumnado avaliado

Nivel



Informe para ás familias (3º curso 16-17)



Para que din que vale

Comprobar o grao de dominio en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas, para..

- Aportar información individualizada de cada alumno ou alumna, contribuíndo á **detección de dificultades de aprendizaxe**.
- Aportar orientación e **información aos centros educativos** para adoptar medidas de mellora en función dos resultados obtidos polo seu alumnado.
- Aportar **información ás familias** sobre o progreso de aprendizaxe, para poder tomar decisións e establecer medidas de mellora.

DESMONTANDO AS REVÁLIDAS DA LOMCE



Proba estandarizada

- *Descontextualizada*
- *Final*
- *Puntual*
- *Resultados condicionados polas circunstancias dese día,*
- *Sen ter en conta procesos*

Proba que xera tensión, nervios innecesarios

Para que din que vale

Comprobar o grao de dominio en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas.

1. Aportar información individualizada de cada alumno ou alumna, contribuíndo á detección de dificultades de aprendizaxe.
2. Aportar orientación e información aos centros educativos para adoptar medidas de mellora en función dos resultados obtidos polo seu alumnado.
3. Aportar información ás familias sobre o progreso de aprendizaxe, para poder tomar decisións e establecer medidas de mellora.

Comprobar o grao de dominio da competencia en comunicación lingüística

E as outras destrezas non son relevantes, non forman parte da formación integral dos cativos/as ? E o coñecemento do social, a música, a plástica, a educación física..?

-

Consecuencia : materias “de segundo nivel” irase abandonando para traballar máis aquelas “avaliables”.

Comprobar o grao de dominio da competencia en comunicación lingüística

Non o sabe o titor/a de cada neno/a? quen ten información mais completa, contextualizada, procesual, continua..?

Non o fai o titor/a cada curso ao longo do curso?

Despreza publicamente o traballo dos titores e titoras, xa que os resultados do centro e do alumnado non se valoran por un curso completo senón por un exame puntual no que non se permite a súa participación.

1. Aportar información individualizada de cada alumno ou alumna, contribuíndo á detección de dificultades de aprendizaxe.

- *As dificultades de aprendizaxe non se detectan a través deste tipo de probas, nin medindo só estas competencias, e se fóra para isto por qué esperar a fin de curso?*
- A información mais completa sobre un alumno/a podea dar o titor/a en colaboración coa familia, outros profesores/as do neno/a, tutores/as anteriores.. Os tutores/as co apoio dos profesionais do Departamento de Orientación detectan as dificultades de aprendizaxe

*Desprezo do traballo dos equipo de orientación
Recortes en profesionais: AL, Orientadores/as,
PT..*

2. Aportar orientación e información aos centros educativos para adoptar medidas de mellora en función dos resultados obtidos polo seu alumnado

Os equipos docentes teñen información moito mais fiable e completa sobre os grupos e o alumnado do centro,

Fai recaer sobre o profesorado e o centro a responsabilidade, de buscar solucións, e a administración non ten algunha, non ten que proveer de medios, de persoal, de recursos?

Aportar información ás familias sobre o progreso de aprendizaxe, para poder tomar decisións e establecer medidas de mellora

As familias mantemos contacto cos titores/as de forma continuada, sobre moitas mais cuestións, ademais destas competencias porque nos preocupa a súa educación, recibimos información e aportamos información valiosa

*Desprezo ás familias,
só estamos presentes para “recibir
información”, como se non participamos
na educación dos nosos fillos,*

Para que máis serve

- Incrementar o traballo administrativo do profesorado e da dirección
- Gastar os recursos públicos na súa planificación, xestións, corrección, emisión de informes..
- Crear clasificacións de colexios, de grupos, de alumnado, de profesorado, de equipos docentes, de barrios, de zonas xeográficas...; rompendo o principio de equidade que debe gobernar a escola pública; pero tamén rompendo cos escasos logros conseguidos na inclusión da diversidade
- Retroceder na procura dun ensino integral,

Por todo isto..
NON AS REVÁLIDAS
Non Á LOMCE



Anexos

- ***PREAMBULO LOMCE***

- Las evaluaciones externas de fin de etapa constituyen una de las principales novedades de la LOMCE con respecto al marco anterior y una de las medidas llamadas a mejorar de manera más directa la calidad del sistema educativo
- El objetivo de esta evaluación es la mejora del aprendizaje del alumno o alumna, de las medidas de gestión de los centros y de las políticas de las Administraciones.
- La transparencia de los datos debe realizarse **persiguiendo informar sobre el valor añadido de los centros** en relación con las circunstancias socioeconómicas de su entorno y, de manera especial, sobre la evolución de éstos.

Lomce. (mod.20.3)Av. 3º

- 20.3. Los centros docentes realizarán una evaluación individualizada a todos los alumnos y alumnas al finalizar el tercer curso de Educación Primaria, según **dispongan las Administraciones educativas**, en la que se comprobará el grado de dominio de las **destrezas, capacidades y habilidades en expresión y comprensión oral y escrita, cálculo y resolución de problemas en relación con el grado de adquisición de la competencia en comunicación lingüística y de la competencia matemática**. De resultar desfavorable esta evaluación, el equipo docente deberá adoptar las medidas ordinarias o extraordinarias más adecuadas.

Lomce.13 (mod. 21). Av. 6º

- Trece.El artículo 21 queda redactado de la siguiente forma:
- **«Artículo 21.Evaluación final de Educación Primaria.**
- 1.Al finalizar el sexto curso de Educación Primaria, se realizará una evaluación individualizada a todos los alumnos y alumnas, en la que se comprobará el grado de adquisición de la competencia en **comunicación lingüística, de la competencia matemática y de las competencias básicas en ciencia y tecnología**, así como el logro de los objetivos de la etapa.
- 2.El Gobierno, previa consulta a las Comunidades Autónomas, establecerá los criterios de evaluación y las características generales de las pruebas para todo el Sistema Educativo Español con el fin de asegurar unos criterios y características de evaluación comunes a todo el territorio.
- 3.El resultado de la evaluación se expresará en niveles. El nivel obtenido por cada alumno o alumna se hará constar en un informe, que será entregado a los padres, madres o tutores legales y que tendrá carácter informativo y orientador para los centros en los que los alumnos y alumnas hayan cursado sexto curso de Educación Primaria y para aquellos en los que cursen el siguiente curso escolar, así como para los equipos docentes, los padres, madres o tutores legales y los alumnos y alumnas.
- Las Administraciones educativas podrán establecer planes específicos de mejora en aquellos centros públicos cuyos resultados sean inferiores a los valores que, a tal objeto, hayan establecido.

LOMCE

- **Artículo 144. Evaluaciones individualizadas.**
- 1. Los criterios de evaluación correspondientes a las evaluaciones individualizadas indicadas en los artículos 20.3, 21, 29 y 36 bis de esta Ley Orgánica serán comunes para el conjunto del Estado.
- La realización material de las pruebas corresponde a las Administraciones educativas competentes. Las pruebas serán aplicadas y calificadas por profesorado del Sistema Educativo Español externo al centro.
- Reglamentariamente se regulará el procedimiento de revisión de los resultados de las evaluaciones.
- 2. Las Administraciones educativas podrán establecer otras evaluaciones con fines de diagnóstico.
- 3. Las autoridades educativas establecerán las medidas más adecuadas para que las condiciones de realización de las evaluaciones individualizadas se adapten a las necesidades del alumnado con necesidades educativas especiales.»

Anexo I – art. 4 do RD 1058/2015

- 1. O deseño, aplicación e corrección das probas corresponde ás Administracións educativas competentes, que deben garantir as condicións axeita de aplicación e cualificación das mesmas.
- 2. Corresponde ás Administracións educativas competentes concretar os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliáveis e o deseño das probas da avaliación final da etapa da competencia lingüística en Lingua Cooficial e Literatura, así como aplicar ditas probas.
- Estará exento da realización destas probas o alumnado exento de cursos ou de ser avaliado da materia Lingua Cooficial e Literatura, segundo a normativa autonómica correspondente
- 3. As probas de avaliación final de Educación Primaria agruparanse en tres ámbitos: competencia en comunicación lingüística, competencia matemática, e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:
- a) A avaliación no ámbito da competencia en comunicación lingüística centrarase nas dúas destrezas que delimitan o campo da competencia comunicativa: a comprensión e a expresión. Polo tanto, avaliará as destrezas de comprensión escrito e oral e expresión escrita. Ademais, poderá avaliar a expresión oral. A avaliación destas destrezas poderá levarse a cabo a medio de probas diferentes ou a medio dunha proba integrada que as valore.
- .

Anexo I – art. 4 do RD 1058/2015

- b) A avaliación no ámbito da competencia matemática implicará a aplicación do coñecementos e razoamentos matemáticos para a resolución de problemas en contextos funcionais relacionados coa vida cotiá.
- As unidades de avaliación contextualizaranse en contornas próximas á vida do alumnado, e incluírán situacións persoais e familiares, escolares, sociais e científicas e humanísticas.
- A avaliación valorará a capacidade do alumnado para levar a cabo os procesos cognitivos de coñecemento e reprodución de definicións, conceptos e procedementos matemáticos; aplicación e análise de coñecementos para a resolución de problemas; o razoamento e reflexión sobre as estratexias e métodos para a resolución de problemas non obvios; e a validación de resultados.
- c) A avaliación no ámbito das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía incluírá a avaliación das habilidades dirixidas a xerar coñecemento científico a medio da colleita de información, planeamento de hipóteses, resolución de problemas ou toma de decisións baseadas en probas e argumentos.

Anexo I – art. 4 do RD 1058/2015

- .
- As unidades de avaliación contextualizaranse en contornas próximas á vida do alumnado, e incluírán situacións persoais e familiares, escolares, sociais, e científicas e humanísticas.
- A avaliación valorará a capacidade del alumnado para levar a cabo os procesos cognitivos relativos ao coñecemento e reprodución de feitos, conceptos e procedementos; a aplicación e análise de coñecementos para xerar explicacións e resolver problemas prácticos; e o razoamento e reflexión utilizando as evidencias e a comprensión científica.